



Guía Docente				
Datos Identificativos				2023/24
Asignatura (*)	Segundo Idioma Moderno I: Alemán		Código	662G01047
Titulación	Grao en Turismo			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Segundo	Obrigatoria	6
Idioma	Alemán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Martín Cancela, Elena	Correo electrónico	e.mcancela@udc.es	
Profesorado	Martín Cancela, Elena Tajes Lobelos, Ángela	Correo electrónico	elena.martin@udc.es angela.tajes@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Esta materia foi deseñada para dotar os futuros graduados duns coñecementos e habilidades mínimos necesarios para comprender e facerse comprender en situacións habituais da vida cotiá en países de fala alemá, así como para poder desenvolver unha conversación de temas cotiáns cunha persoa de fala alemá. Ademais proporcionaráselle ao alumnado uns coñecementos lingüísticos que lle permitan desenvolver as competencias lingüísticas mínimas (oral e escrita) para que sexan capaces de desenvolver tarefas en empresas do sector turístico con clientes de fala alemá ou outras empresas de países de fala alemá.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A6	Ter unha marcada orientación de servizo ao cliente.
A13	Manexar técnicas de comunicación.
A15	Traballar en inglés como lingua estranxeira.
A16	Comunicarse de forma oral e escrita nunha segunda lingua estranxeira.
A17	Comunicarse de forma oral e escrita nunha terceira lingua estranxeira.
A29	Traballar en medios socioculturais diferentes.
B1	Capacidade de análise e síntese.
B2	Comunicación oral e escrita en lingua nativa.
B3	Resolución de problemas.
B4	Razoamento crítico.
B5	Compromiso ético.
B6	Aprendizaxe autónoma.
B7	Adaptación a novas situacións.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C2	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe



Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
	A	B	C
Consolidar as estruturas básicas da lingua alemá a nivel básico.	A13 A16 A17	B1 B2 B3 B4 B6	C1 C2 C6 C7
Consolidar un léxico xeral básico para poder entrar en conversacións (de forma oral ou escrita) con persoas de fala alemá.	A6 A13 A15 A16 A17 A29	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7	C1 C2 C4 C7 C8
Consolidar unhas nocións básicas de léxico e estruturas gramaticais propias do sector turístico.	A13 A16	B1 B2 B4 B6	C1 C2 C5 C7
Coñecer os diferentes costumes, culturas e normas de comportamento nos países de fala alemá.	A6 A13 A16 A29	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7	C2 C3 C4 C6 C7
Comprender e producir mensaxes orais e escritas a nivel básico en situacións tanto persoais coma relacionadas co campo do sector turístico con empresas e persoas de fala alemá.	A13 A16 A29	B1 B6 B7	C2 C7

Contidos	
Temas	Subtemas
Grundlagen der deutschen Sprache	Aussprache, Syntax, Groß- und Kleinschreibung, das Alphabet.
Begrüßung und Verabschiedung	Vorlieben, Verbkonjugation, W-Fragen, Präpositionen "in, aus, nach".
Angaben zur Person und Berufe	Verbkonjugation, Präpositionen "als, bei, mit", Ja-/Nein-Fragen, die Verneinung, "doch", Wortbildung mit -in.
Gegenstände und Eigenschaften	Bestimmter unbestimmter Artikel und Negativartikel im Nominativ und Akkusativ; Nomen (Genus und Plural), Personalpronomen im Nominativ.
Freizeit, Jahreszeiten, Wochentage	Verben "haben" und "möchten"; bestimmter unbestimmter Artikel und Negativartikel im Dativ. Verben mit Vokalwechsel, trennbare Verben, "man", temporal Präpositionen "in, an, zu", Position 1 im Satz.
Familienwörter, Sprachen, Nationalitäten	Possessivartikel und Personalpronomen im Akkusativ, Genitiv.
Lebensmittel, Verpackungen, Mengenangaben	Modalverben, Satzklammer bei Modalverben, Nullartikel, Steigerung "gern".
Uhrzeiten, Tageszeiten, Monate	Modalverben, temporale Präpositionen, das Futur.
Die Wohnung, Zimmer und Gebäude	Lokale Präpositionen, Dativ, "legen-liegen, stehen-stellen, setzen-sitzen"; Personalpronomen im Dativ.

Planificación



Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Proba oral	A6 A13 A16 A17 B1 B3 B4 B5 B6 B7 C2 C3 C4 C7 C8	3	17	20
Traballos tutelados	A13 A15 A16 A29 B1 B2 B3 B4 B6 B7 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7	6	24	30
Obradoiro	A13 A16 A29 B1 B3 B4 B6 B7 C2 C3 C4 C7	15	25	40
Actividades iniciais	A15 B1 B2 B3 C4 C6	3	0	3
Prácticas a través de TIC	B5 C3 C4	3	8	11
Sesión maxistral	A13 A16 A17 A29 B1 B3 B4 B7 C2 C4 C5 C6	12	8	20
Proba mixta	A13 A16 A29 B1 B3 B4 B6 B7 C2 C3 C4 C7	2	20	22
Atención personalizada		4	0	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Proba oral	Ao longo do curso realizaranse distintos exercicios de expresión e comprensión oral, mais unha proba nos últimos días do curso.
Traballos tutelados	O alumnado deberá realizar exercicios de expresión escrita relacionados con cada un dos temas tratados na aula. O número das devanditas redaccións e a súa extensión serán fixados semanalmente polo profesorado.
Obradoiro	Cada un dos temas tratados levará asignadas unha serie de tarefas e exercicios, a realizar na aula, destinados a consolidar e fixar os coñecementos explicados. As devanditas tarefas poderán ser ben orais ou escritas. Será de especial relevancia a participación activa de todo o alumnado nestas sesións e serán tidas en conta para a calificación final da materia.
Actividades iniciais	Trátase da primeira toma de contacto coa lingua alemá, na que se realizarán diferentes aclaracións e actividades dirixidas a obter información relevante sobre o alumnado e o seu nivel de partida na lingua alemá, co fin de articular a docencia e favorecer a aprendizaxe eficaz e significativo.
Prácticas a través de TIC	Explicacións e uso de ferramentas informáticas e novas tecnoloxías como apoio ao aprendizaxe da lingua alemá.
Sesión maxistral	O profesorado expondrá as principais cuestións teóricas relacionadas coa materia que serán abordadas e postas en práctica posteriormente no resto de metodoloxías da materia.
Proba mixta	Na data fixada pola Xunta de Facultade realizarase a proba escrita que constarán de dúas partes diferenciadas: a.- Exercicios de gramática. b.- Expresión escrita + Comprensión lectora. Dita proba avaliará os coñecementos e competencias adquiridas polo estudantado.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



Proba oral	<p>Previa á proba oral realizarase unha sesión conxunta cos alumnos na que o profesor responderá e orientase ao alumnado de cara á devandita proba.</p> <p>Así mesmo os traballos tutelados irán acompañados de sesións breves (individuais ou en grupo) nas que se abordarán as problemáticas que vaian xurdindo ao longo do curso na realización das devanditas probas.</p> <p>A final de curso terá lugar unha última sesión na que se responderán e aclararán todas as dúbidas que aínda puidese haber.</p>
Traballos tutelados	
Obradoiro	
Proba mixta	

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba oral	A6 A13 A16 A17 B1 B3 B4 B5 B6 B7 C2 C3 C4 C7 C8	<p>- Realizaranse distintas actividades orais ao longo do curso para avaliar esta competencia, ademais dunha proba oral final pública tipo presentación e/ou entrevista que se realizará na aula nos últimos días do curso.</p> <p>- Para a avaliación da devandita proba e actividades atenderase á corrección gramatical, aspectos fonéticos, estrutura e contido do discurso, así como á comprensión oral do alumnado.</p>	10
Traballos tutelados	A13 A15 A16 A29 B1 B2 B3 B4 B6 B7 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7	<p>- O alumnado deberá entregar un mínimo dun 80% dos traballos obrigatorios, de non ser así a cualificación desta parte será de 0.</p> <p>- Na avaliación atenderase a aspectos gramaticais, contido e estruturas traballados na aula, así como á presentación dos mesmos en forma e data, seguindo as indicacións proporcionadas polo profesorado na aula.</p> <p>- Non se aceptará ningunha entrega fóra de prazo ou que non siga as canles e formato de entrega indicados polo profesorado.</p>	15
Obradoiro	A13 A16 A29 B1 B3 B4 B6 B7 C2 C3 C4 C7	<p>- O aproveitamento e participación activa nas aulas será o principal punto a ter en conta na valoración deste apartado. Para iso realizaranse actividades na aula da parte práctica e teórico-práctica (contidos gramaticais, léxico, expresións oral e escrita, comprensión oral e lectora, e interacción oral).</p> <p>- O alumnado matriculado nesta materia participará nun entorno de aprendizaxe gamificado, isto poderá supoñer ata un 10% da calificación no obradoiro*. (Ver nota en observacións)</p>	20
Proba mixta	A13 A16 A29 B1 B3 B4 B6 B7 C2 C3 C4 C7	<p>- A proba mixta constará de dúas partes:</p> <p>a.- Exercicios de contido gramatical.</p> <p>b.- Expresión escrita e comprensión lectora.</p> <p>- Será necesario obter unha nota mínima de 4 sobre 10 en cada unha das partes para superar a proba.</p> <p>- En caso de obterse unha nota inferior a 4 nalgunha das partes, a cualificación final da proba non poderá ser superior a 3.5 sobre 10.</p>	55

Observacións avaliación



Entorno de aprendizaxe gamificado

No caso de que non fora posíbel a realización destas actividades, realizaranse outros traballos tutelados adicionais, quedando a porcentaxe do obradoiro nun 10% e a dos traballos tutelados nun 25%. A devandita circunstancia será comunicada nas primeiras semanas do cuadrimestre. Requisitos para superar a materia en 1ª oportunidade

Realizar a proba oral. De non realizala, o/a alumno/a será cualificado como Non Presentado en acta. Obter unha cualificación de 5 sobre 10 no cómputo global das actividades, cunha cualificación mínima de 4 sobre 10 na proba mixta. De non cumprirse este requisito, a cualificación final da materia non poderá ser superior ao 4.5 sobre 10. 2ª Oportunidade e convocatoria adiantada O alumnado deberá realizar a proba oral (10%) nunha data acordada co profesorado (no caso de non haberse realizado ou superado en 1ª oportunidade). O 90% da cualificación corresponderase coa cualificación obtida nunha proba escrita que seguirá os mesmos criterios que a de 1ª oportunidade e realizarase nas datas aprobadas e publicadas en Xunta de Facultade en cada curso académico. Cualificación de Non Presentado Calquera que sexa a oportunidade e/ou convocatoria, todo/a alumno/a que non se presente á proba oral e/ou mixta será cualificado como Non Presentado. Alumnado con recoñecemento de dispensa académica O alumnado con recoñecemento de dispensa académica de exención de asistencia, segundo establece a "norma que regula o réximen de dedicación ao estudo dos estudantes de grao na UDC (Arts. 2.3; 3.b e 4.5)" deberá entregar e realizar as mesmas actividades e probas que o resto do alumnado e na mesma data. Poderase establecer unha data diferente para a proba oral no caso de que estivese debidamente xustificada. A porcentaxe na avaliación das actividades na aula sumarase ao dos Traballos Tutelados, quedando distribuídos as porcentaxes do seguinte modo: Proba oral (10%), Traballos Tutelados (35%), Proba Mixta (55%). Prácticas ilícitas e fraude académica Os traballos ou probas nos que se detecten prácticas ilícitas (uso de tradutores automáticos para a elaboración de traballos tutelados, plaxio, etc.) suporán un 0 na parte avaliable da materia. Ao/a alumno/a que incorra en fraude académica aplicaráselle a sanación correspondente recollida no Regulamento disciplinar do estudiantado da UDC (art. 11, apartado 4. b)). Calquera falta de honradez académica (plaxio, copiar en exames, etc.) penalizarase de acordo co establecido nas Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario artigo 14.

Fontes de información

Bibliografía básica	- Werner, G (2022). Grammatiktraining Deutsch als Fremdsprache. Langenscheidt / PONS Xa que o curso non se asinta nunha única gramática ou libro de texto, ao comezo do curso ou de cada bloque temático o docente poderá achegar as referencias bibliográficas que estime oportunas, así como exercicios e textos.
Bibliografía complementaria	- Al Dreyer, H & Scmitt, R (2000). Lehr- und Übungsbuch der deutschen Grammatik. Hueber - Borruco, M (2000). Reisen. Deutsch als Fremdsprache für das Tourismusstudium. Arbeitsbuch / Lehrbuch. Síntesis - Braucek, B. & Castell, A (2013). Gramática básica del alemán A1-B1. Idiomas / Hueber - Braucek, B. & Castell, A (2002). Verbos alemanes. Diccionario de conjugación y complementación. Hueber - Braucek, B. & Castell, A (2000). Gramática de la lengua alemana. Ejercicios. Idiomas / Hueber - Cohen, U (2000). Zimmer frei. Deutsch im Hotel: Arbeitsbuch / Lehrbuch. Langenscheidt - Cohen, U (2001). Herzlich Willkommen. Deutsch im Restaurant und Tourismus. Arbeitsbuch / Lehrbuch. Langenscheidt - Castell, A (1997). Gramática de la lengua alemana. Idiomas - Castell, A (1997). Gramática de la lengua alemana: Ejercicios. Idiomas - Corcoll, B & Corcoll, R (2006). Programm. Alemán para hispanohablantes. Gramática. Herder - Corcoll, B & Corcoll, R (2006). Programm. Alemán para hispanohablantes. Ejercicios. Herder - Fandrych, C & Tallowitz, U (2008). Klipp und Klar. Gramática práctica del alemán. Klett - Lemcke, C & Rohrmann, L (2006). Grammatik. Intensivtrainer A1. Langenscheidt - Lemcke, Ch. & Rohrmann, L (2009). Berliner Platz 1 Neu. Langenscheidt - Lübke, S. (2017). Deutsche Grammatik in kleinen Schritten. Lehr- und Übungsbuch A1-A2. Liebaug-Dartmann - Rusch, P & Schmitz, H (2007). Einfach Grammatik. Übungsgrammatik Deutsch A1 bis B1. Langenscheidt

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente



Materias que continúan o temario

Segundo Idioma Moderno II: Alemán/662G01048

Segundo Idioma Moderno III: Alemán/662G01049

Observacións

Queda expresamente prohibido o uso de dispositivos móbiles na aula sen autorización previa. Recomendacións para o correcto seguimento da materia O alumnado deberá planificar o seu traballo ao longo de todo o curso seguindo a materia de forma continuada e realizando as tarefas indicadas en tempo e forma correctas. O esforzo continuo permitiralle levar a materia de forma cómoda, consolidar os novos coñecementos apoiándose nos anteriores e asumir un ritmo de traballo axeitado seguindo as pautas e indicacións do profesor. O estudo individual da materia deberá ir ao mesmo tempo co temario e actividades que se desenvolvan na aula. Recoméndase un mínimo de 4 horas de traballo autónomo por cada 3 horas presenciais. Dada a complexidade do idioma alemá para alumnos/as hispanofalantes recoméndase especialmente que se leve unha asimilación e estudo dos conceptos adecuado para evitar as présas e falta de tempo a final de curso. Recomendase a asistencia á titorías personalizadas ao longo do curso para resolver problemas ou dúbidas individuais. Espérase do alumnado: ? Activa e regular asistencia e participación na aula. ? Traballo constante e preparación previa e posterior das clases. ? Lectura da bibliografía recomendada. Medidas de apoio á diversidade (ADI) A materia poderá ser adaptada ao estudantado que requirada adopción de medidas encamiñadas ao apoio á diversidade. Poderán pedir asesoramento ao profesorado, á persoareponsable da Facultade de Turismo e/ou á Unidade de Atención á Diversidade(ADI): <http://www.udc.es/cufie/adi/> (tel. 881015622; email: adi@udc.es). Deberán contactar cos servizos dispoñibles nos prazos oficiais estipulados (<https://www.udc.es/cufie/ADI/apoioalumnado/>). Normativa en materia de igualdade Dacordo coa normativa en materia de igualdade, nesta materia aplícase a perspectiva de xénero mediante linguaxe non sexista e inclusivo, bibliografía de autores/as de ambos os sexos, etc. Así mesmo fomentaranse valores de respecto e igualdade e en caso de detectarse situacións de discriminación por razón de xénero, adoptaranse as accións e medidas necesarias para corrixilas.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías